

Plantilla memoria resumo modificacións do Máster en Enxeñaría de Telecomunicación

Universidade de Vigo

RESUMO DAS MODIFICACIÓNS A REALIZAR NO TÍTULO

1 Descrición Xeral (breve resumo de tódolos cambios).

As modificacións da titulación Máster en Enxeñaría de Telecomunicación son substanciais, polo que abarcan toda a titulación. En calquera caso, resúmense a continuación os cambios máis relevantes:

- Duración do máster: pasa a durar 90 ECTS en lugar dos 120 ECTS actuais
- Especialidades: na modificación proposta elimínanse as 4 especialidades que estaban contempladas na titulación actual para permitir ao estudiantado unha selección máis persoalizada e flexible de contidos a cada estudante segundo as súas inquedanzas e/ou intereses
- Incorporación da Mención Dual: agrégase a opción de cursar esta titulación segundo a normativa da Mención Dual para estudantes que prefiran unha formación híbrida entre a empresa e a universidade.
- Redución do número de ECTS para prácticas en empresas: de 15 ECTS na actual titulación a 5 ECTS na modificación proposta.
- Redefinición do TFM: o antigo TFM tiña unha duración de 30 ECTS, na modificación proposta o novo TFM terá unha duración de 15 ECTS e incorporará resultados de aprendizaxe do módulo de xestión de proxectos.
- Redistribución e redefinición das materias de xestión de proxectos: no plan actual hai dúas materias de xestión de proxectos, no plan proposto haberá unha materia de xestión de proxectos e máis o TFM, onde se formará na aplicación práctica destes conceptos.
- Identificación de resultados de aprendizaxe, substituindo as antigas competencias, en todas as materias.
- Redefinición de contidos e resultados de aprendizaxe de todas as materias obrigatorias comúns a todo estudiantado (35 ECTS definidos na orde CIN). Nalgúns casos, isto conleva tamén un cambio de nome.
- Redefinición e adecuación de todas as materias optativas aos cambios tecnolóxicos: tanto daquelas materias optativas que forman dentro dos contidos da orde CIN (15 ECTS) como nas materias optativas que forman en tecnoloxías/áreas non especificadas na orde CIN.

2 Xustificación, adecuación da proposta e procedementos.

Os cambios propostos para este título responden ás necesidades xurdidas polos amplos cambios tecnolóxicos no sector TIC e máis pola experiencia dos anos de implantación do título (desde o 2014 como máster, escindida da titulación de Enxeñaría de Telecomunicación, creada en 1985)

O procedemento posto en marcha para levar a cabo os cambios fundamentouse nos seguintes tres aspectos:

- Grupo de traballo creado para a revisión conxunta do Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación e o Máster de Enxeñaría de Telecomunicación: composto por representantes propostos dos departamentos presentes nos títulos e estudantado.
- Grupo de traballo creado para a revisión específica do Máster de Enxeñaría de Telecomunicación, composto por representantes do PDI e estudantado con interese en colaborar.
- Consultas externas: contactos cos representantes dos distintos sectores e entidades para coñecer o seu punto de vista sobre as necesidades formativas do estudantado.
- Consultas internas: escoita continua dos distintos colectivos do centro para ter en conta as súas opinións e puntos de vista

3 Planificación de implantación (cronograma).

A modificación do plan de estudos expón unha reformulación da organización secuencial dos contidos e unha actualización derivada dos cambios das tecnoloxías TIC. Por tanto, a implantación e a extinción dos plans de estudos realizarase de forma gradual, curso a curso, sen a necesidade de programar complementos de formación para aqueles/as estudantes que soliciten a adaptación:

2025-26: 1º curso

2026-27: 2º curso

4 Procedemento de adaptación. (Descrición)

O expediente dun/a estudante que, comezando os seus estudos no actual máster incorpórese ao novo máster será adaptado aplicando as seguintes táboas de adaptación indicadas no apartado 7.2 da memoria de verificación para ter en conta os créditos superados ata o momento do cambio de titulación:

Adaptacións materia a materia

Adaptacións materia a materia	
Materia do novo máster	Materia do máster actual
Sistemas distribuídos	Tecnoloxías de aplicación
Radio	Radio
Tratamiento de sinal en comunicacións	Tratamiento de sinal en comunicacións
Sistemas electrónicos dixitais avanzados	Sistemas electrónicos dixitais avanzados
Redes integradas	Tecnoloxías de Red
Electrónica e fotónica avanzadas para comunicacións	Electrónica e fotónica para comunicacións
Acondicionadores de sinal e sensores	Acondicionadores de sinal
Antenas	Antenas
Comunicacións ópticas	Comunicacións ópticas
Laboratorio de radio	Laboratorio de radio
Circuitos mixtos analóxicos e dixitais	Circuitos mixtos analóxicos e dixitais
Codiseño hardware/software de sistemas empotrados	Codiseño hardware/software de sistemas empotrados
Diseño e fabricación de circuitos integrados	Diseño e fabricación de circuitos integrados
Comunicacións dixitais avanzadas	Comunicacións dixitais avanzadas
Codificación de fonte e canal	Comunicacións multimedia

Codificación y gestión de información multimedia	Procesado de señales en sistemas audiovisuales
Diseño avanzado de misiones espaciales y de exploración	Satélites
Electrónica de potencia en fotovoltaica	Electrónica de potencia en fotovoltaica
Forensía y seguridad de datos	Seguridad multimedia
Inferencia en ingeniería	Procesado estadístico de la señal
Modelado y análisis de redes complejas	Redes sociales y económicas
Recuperación de información en la Web	Ingeniería Web
Modelos de aprendizaje automático	Análisis de datos
Prácticas en empresa	Prácticas en empresa I ó Prácticas en empresa II ó Prácticas en empresa III
Gestión de proyectos de telecomunicación	Dirección de proyectos de telecomunicación
Trabajo fin de máster	Trabajo fin de máster

Adaptacións por bloques

Materia do novo máster	Materia do máster actual
Sistemas distribuídos	Tecnoloxías de aplicación
Radio	Radio
Tratamiento de señal en comunicacións	Tratamiento de señal en comunicacións
Sistemas electrónicos digitais avanzados	Sistemas electrónicos digitais avanzados
Redes integradas	Tecnoloxías de Red
Electrónica y fotónica avanzadas para comunicacións	Electrónica y fotónica para comunicacións
Acondicionadores de señal y sensores	Diseño de circuitos electrónicos analóxicos
Ciberseguridad	Ingeniería de Internet
Distribución de contenidos multimedia	Redes inalámbricas y computación ubicua
Laboratorio de redes móbiles	Ingeniería Web

Adaptación de ECTS de materias optativas

Aos/as estudantes que superasen un determinado número de créditos ECTS optativos ou optativos de Tecnoloxías de Telecomunicación no plan actualmente vixente recoñeceránselle o mesmo número de créditos ECTS optativos (que non optativos de Tecnoloxías de Telecomunicación) no plan novo (ata un máximo de 20 ECTS). Este recoñecemento excluírá as materias optativas ou optativas de Tecnoloxías de Telecomunicación do plan vixente que o/a estudante solicitase que se adapten a materias do plan novo utilizando as correspondencias das táboas anteriores. Ademais, no caso de que a materia adaptada do plan vixente estea contemplada na táboa *Adaptacións materia a materia* ou na táboa *Adaptacións por bloques* incluídas ao principio deste apartado, o/a estudante non poderá cursar a/s materia/s equivalente/s do novo máster.

5 Ensinanzas que se extinguen. (Estudo – Centro)

A modificación do título Máster Universitario en Enxeñaría de Telecomunicación non extingue ningún outro título previo

6 Responsable do título.

Manuel García Sánchez – coordinador do Máster en Enxeñaría de Telecomunicación da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación da Universidade de Vigo.

